

**CONTRATO DE SERVICIOS SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA
POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS
VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE APERTURA DOS SOBRES «A»

Reunidos no Salón de Actos da Casa do Concello, o día once de xuño de dous mil dezaoito, ás 13:20 horas, constitúese a Mesa de Contratación para a adxudicación do contrato mixto de subministración e servizos cuxo obxecto é a contratación dos servizos enerxéticos e o mantemento con garantía total das instalación de alumbeado público exterior, formada por don Carlos Martínez Carrillo, que actuará como Presidente; Don Carlos J. Méndez –Losada Abalo (Secretario -Interventor da Corporación); Dona M^a. Jesús Piñeiro Caldelas; dona M^a. Beatriz Amenal Junquera (Vogais); que actuarán como Vogais; e por último dona Mercedes Pereiras Caldelas (funcionaria do concello), que actuará como Secretaria da Mesa.

Tras a constitución da Mesa, a Secretaria procede ao reconto das proposicións presentadas e á súa confrontación coa certificación de proposicións, comunicando ao público o número de proposicións recibidas en forma e prazo, fóra de prazo, e o nome dos licitadores. Convídase aos interesados para que poidan comprobar os sobres presentados.

A continuación, procédese á cualificación previa dos documentos presentados en tempo e forma polos licitadores, co seguinte resultado:

Licitadores presentados:

- 1.- UTE IMESAPI, S.A – ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L
- 2.- CLECE, S.A
- 3.-UTE GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVICIOS, S.L –ALUMBRADOS VIARIOS , S.A (ALUVISA)
- 4.- FERROVIAL SERVICIOS, S.A.

A Mesa acorda concederlle, aos licitadores que de seguido se relacionan, un prazo de tres días hábiles, ata as 14: 00 horas do 21 de xuño, para que presente os seguintes documentos:

**CONTRATO DE SERVICIOS SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA
POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS
VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

UTE IMESAPI, S.A –ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L: Experiencia acreditable do Director Técnico do Proxecto, de alomenos 3 anos en proxectos semellantes relativos á instalación e mantemento de instalación de alumado público exterior (cláusula 11.5.1.3 da solvencia técnica)

UTE GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVICIOS, S.L –ALUMBRADOS VIARIOS, S.A (ALUVISA): Curriculum vitae do persoal que figura no organigrama (cláusula 11.5.1.3 da solvencia técnica)

A admisión de ditas ofertas queda condicionada á presentación correcta dos documentos sinalados

Entendéndose conforme ao prego de cláusulas administrativas particulares a documentación presentada polos restantes licitadores, quedan todos admitidos no concurso

Conclúe ao fío das trece horas e cincuenta minutos